

# O GALEGUISMO CATÓLICO ENTRE O REXIONALISMO E O NACIONALISMO

CATHOLIC GALICIANISM: BETWEEN REGIONALISM AND NATIONALISM

Justo Beramendi  
Universidade de Santiago de Compostela

**Resumo:** Análise do rexionalismo católico-tradicionalista galego, marco ideolóxico no que se encadra o pensamento do franciscano Samuel Eiján, e co que comparte un tradicionalismo basal, certas prácticas de apostolado socialcatólico, a oposición aos movementos e sistemas políticos especificamente contemporáneos e un dobre patriotismo no que cohabitaban o amor e a vindicación de Galicia no plano lingüístico, étnico e histórico coa lealdade á nación española no plano político.

**Abstract:** This work is an analysis of Catholic regionalism in Galicia, the ideological framework for Franciscan Samuel Eiján. The main coincidences are the basal traditionalism, some methods of socialcatholic ministry, the opposition to modern political systems and modern political movements and a dual patriotism in which love and the vindication of Galicia on an ethnic, linguistic and historical basis with political loyalty to the Spanish nation co-exist.

**Palabras chave:** Samuel Eiján, Alfredo Brañas, galeguismo, rexionalismo, tradicionalismo, catolicismo.

**Key words:** Samuel Eiján, Alfredo Brañas, Galician regionalism, traditionalism, Catholicism.

O obxecto destas páxinas é describir as coordenadas ideolóxicas nas que se encadra a obra non estritamente relixiosa de Samuel Eiján, da que se fai unha análise moi completa noutras contribucións do presente volume. Esas coordenadas son as do sector católico-tradicionalista do rexionalismo galego, ben estudado xa dende hai anos (Máiz 1983, 1984; Beramendi 2007: 245-265).

Que eu saiba, Samuel Eiján non militou formalmente en ningunha das organizacións coetáneas do galeguismo político. O seu nome non aparece nos meus censos de afiliados da Asociación Regionalista Gallega (1890-1893), da Liga Gallega da Cruña (1897-1907), da Liga Gallega de Santiago (1898-1900), das Irmandades da Fala (1916-1931) nin do Partido Galeguista (1931-1936). Aínda así, as pegadas das ideas dalgúns dos principais ideólogos de dereita desas organizacións, nomeadamente de Alfredo Brañas, son moi claras nos escritos de Eiján e nas súas actitudes respecto de Galicia e de España. Cómpre, xa que logo, repasar-mos os trazos maiores tanto desa ideoloxía de referencia como da relación entre galeguismo político e tradicionalismo católico.

Como ben sabemos, a primeira forma do galeguismo político é o provincialismo (1840-ca.1885; Barreiro 1977; Beramendi 2007: 71-200). Nado en 1840-1846 como tendencia diferenciada no seo da sección galega do partido progresista español, mantívose fiel a esa única matriz ideolóxica liberal durante toda a súa existencia, que abrangue o período isabelino, o sexenio democrático e a primeira década da Restauración. Neses tempos a Igrexa galega, e moi especialmente a súa xerarquía, apostou maioritariamente nun principio polo carlismo (modulación de extrema dereita do patriotismo español prenatal) e, só despois das sucesivas derrotas deste, foi derivando lenta e parcialmente cara ás variantes máis conservadoras dun nacionalismo tamén español. En suma, era moi impermeable aos gromos de galeguismo, polo que as influencias mutuas provincialismo-catolicismo político foron practicamente nulas. De feito, poden contarse cos dedos dunha man, e sobran dedos, os persoeiros de ideoloxía católico-traditionalista, como o impresor lugués Manuel Soto Freire ou o crego e gramático Juan Antonio Saco Arce, que simpatizaron ou colaboraron co provincialismo e só coa súa dimensión literaria (o chamado Rexurdimento), nunca coa política.

Este distanciamento remata nos inicios da segunda forma do galeguismo, o rexionalismo (ca. 1885-1916/18), que perde a homoxeneidade relativa do seu predecesor. Agora as diferentes variantes do liberalismo (moderada, progresista, democrática unionista, democrática federalista) empezan a compartir a defensa da identidade e dos dereitos específicos de Galicia cun tipo de pensamento, non só diferente, senón mesmo antagónico en moitos aspectos.

Pechada definitivamente a vía insurreccional do carlismo en 1876, a derrota provoca no último cuarto do século XIX derivas de partes do tradicionalismo español a diversos particularismos, de modo que un sector mutará en nacionalismo vasco, outro revitalizará o catalanismo tradicionalista e outro introducirá no galeguismo esta variante até entón ausente. Todos procuran así novos instrumentos políticos ao servizo da mesma finalidade defensiva da vella orde, nuns aspectos totalmente extinguida, noutros aínda viva pero en retroceso. Esta motivación

común, que reloce sen disimulos nas súas manifestacións, é unha das claves principais para entendermos tanto os seus discursos como as súas accións. No caso galego, o teórico maior desta ideoloxía, paradoxalmente “nova”, é sen dúbida Alfredo Brañas.

Como todos os tradicionalismos peninsulares do século XIX, o rexionalista galego pivota sobre dous elementos complexos fundamentais: un catolicismo que se considera modelo insuperado e insuperable de civilización e matriz de todo coñecemento verdadeiro; e un historicismo tradicionalista que, a diferenza do liberal, consiste en considerar que só son lexítimas e xustas aquelas formas políticas e aquelas relacións sociais que están validadas pola súa historicidade, canto máis antiga mellor. Do primeiro elemento vén o rexeitamento de toda cosmovisión non católica e, moi en especial, do racionalismo iusnaturalista e de todos os seus renovos filosóficos, xurídicos e políticos. Segundo Brañas (1887b: 24) racionalismos e idealismos, de Descartes a Hegel, contribuíron “al estado de decadencia en que nos hallamos” e xeraron ese “naturalismo político” que é “causa de todos los males que nos afligen”. De aquí os seus feroces ataques ao pactismo iusnaturalista e ao enciclopedismo. Como dirá con frase lapidaria (1899b: 11): “Bacon y Descartes fueron las premisas, Locke la consecuencia. En este silogismo infame se funda toda la ciencia y toda la política del siglo XVIII”. Por isto e porque “todos los actos humanos, y por lo tanto los jurídicos, caen inicialmente bajo el dominio de la moralidad, porque el fin político de los hombres no puede separarse del fin eterno” (1887a: 205), cómpre oporse a toda concepción da sociedade e da política non inspirada no catolicismo.

Do segundo elemento nace a oposición a toda visión liberal da historia, a procurar no pasado precedentes lexitimadores da liberdade política moderna e da soberanía popular, pois o que ensina a historia, segundo Brañas (1899a) é xustamente o contrario. O seu historicismo funciona tamén como criterio complementario e subordinado de verdade, pero a “verdade” que busca na historia é outra. E así como no primeiro provincialismo detectamos a tripla articulación cristianismo-historicismo-liberalismo, e no Murguía rexionalista a de organicismo-historicismo-liberalismo, en Brañas e nos seus seguidores aparece a cuádrupla articulación catolicismo-historicismo-organicismo-tradicionalismo, na que os elementos predominantes son o primeiro e o cuarto.

Deste modo a historia úsase para negar as liberdades políticas modernas e asemade para lexitimar as “liberdades” antigas (isto é, os privilexios estamentais ou corporativos), únicas auténticas por seren as que a Igrexa bendiciu e sancionou durante séculos. Por iso Brañas (1891a: 8-9) eloxia “os Xogos Froraes gallegos, chamados como n’outros países, a fortalecer o carácter popular, a facer revivir as antigas liberdades, a conservar as costumes”, e por iso salienta o protagonismo

dos sacerdotes nesas actividades pois “eles conocen o moitísimo que vale pr’a salvación d’a pequena pátreia o arraigo d’estas institucións qu’a Eirexa agarima e bendice, como fortes colonias d’a verdadeira libertá dos povos”. A íntima vinculación entre patriotismo, relixión, historia e tradición resulta aínda máis evidente no discurso que pronuncia, nos mesmos actos de Tui, o maxistral da catedral, Antonio Cerviño (1891: 16). Logo de declararse afervoadado rexionalista, canta “las bellezas sublimes de la Religión y la Fe” e lembra que

La patria [gallega] es la historia de nuestros padres, la esperanza de vuestros hijos, el depósito de sagradas tradiciones; es lo que fue, lo que es y lo que será; porque sin padres, sin hijos, sin abuelos, sin ascendientes, sin sepulcros, sin glorias, sin desgracias, sin tradiciones, no se comprende la patria.

Alenta aquí ese sufraxio universal dos séculos, esa idea da nación como “a terra e os mortos” dun Maurice Barrès ou como asociación non só entre os vivos, senón entre os vivos, os mortos e os que han nacer dun Edmund Burke, tan centrais en todo o tradicionalismo político europeo, católico ou non, dende principios do século XIX. De aquí procede tamén a noción da “naturalidade” da constitución social e política tradicional, que neste sentido se concibe como un organismo histórico, como unha auténtica persoa colectiva.

A defensa da tradición dá lugar inevitablemente á negación do mundo moderno que a destrúe, como pon de manifesto esta pasaxe do discurso de Fernández Herba (1891: 3):

todo ello nos demuestra que aún existe fuerte, vigoroso y potente entre nosotros el culto de lo pasado, alma del verdadero patriotismo, el sentimiento de la tradición, santuario de todas las libertades; y que no somos todavía náufragos de esa política, de esa civilización enemiga de lo que fué y de lo porvenir, que va nivelando lo que ha sido por lo que es, y sustituyendo la fraternidad del amor pátrio por los ódios y rivalidades de los partidos, nuestra gigante historia de ayer por nuestra pequeña historia de hoy, los templos de la Religión y la Ciencia por los de la Bolsa [...] civilización que no legará á los venideros siglos más que un cementerio inmenso, en el cual difícil será encontrar el mausoleo de las grandes conquistas del progreso entre los innumerables de la corrupción y la infamia, del ateísmo y la desvergüenza.

Esta civilización inimiga a combater aséntase en dous esteos maiores, un político (os sistemas liberais) e outro económico (o capitalismo). Verbo do primeiro, Brañas é contundente no seu anatema (1887a: 96):

La doctrina del pacto social es peligrosa para el orden social y la paz de los Estados [...] equivale a establecer como principio del orden jurídico, público y privado el imperio de las mayorías y el sufragio universal [...] residiendo el poder esencialmente en el pueblo, este sería dueño de cambiar a su placer la constitución del Estado. Por este camino llega a legitimarse el principio ilegal de las revoluciones y el despotismo de las masas.

A condena dos fundamentos teóricos do sistema liberal ten que ir acompañada do rexeitamento das súas consecuencias institucionais e organizativas: liberdades de expresión, asociación e reunión, eleccións e parlamentos non corporativos, partidos políticos etc. En conexión con este antiliberalismo retrógrado está un anticapitalismo inspirado no desexo de resurrección ou conservación dos gremios e das formas precapitalistas de propiedade e explotación da terra. Algo que serve de paso para denunciar o “despojo” dos bens raíces da Igrexa pola Desamortización. E consecuentes co seu achegamento doutrinario á realidade atribúen a causas ideolóxicas a destrución da vella orde económica a mans do capitalismo, e concretamente “á las novísimas ideas democráticas é igualitarias, á los dogmas de la libertad, de la soberanía popular y del individualismo político” (Brañas 1892: 86). Pero as responsabilidades do tándem liberalismo-capitalismo, disgregador da harmoniosa sociedade precedente, non acaban aí, porque ademais abre as portas a un perigo novo e máis terrible: a revolución social igualitarista, movida por doutrinas máis perversas se cabe: socialismos premarxistas e marxistas, anarquismos e outros colectivismos.

Porén, na enumeración dos males vai implícita a dos remedios. Posto que todo é culpa da desaparición do nome de Deus do corazón das xentes; da ruptura social do organismo comunitario polo individualismo e as liberdades económicas, coa conseguente disociación de traballo e capital; da alteración da constitución “natural” da sociedade pola hipertrofia da cidade en prexuízo do campo e da moderna clase obreira en prexuízo dos demais tipos de traballadores; da creba do corporativismo político e do seu equilibrado sistema de liberdades concretas para substituílo pola atomización individualista e a liberdade abstracta que se torna despotismo encuberto, parece evidente que a única alternativa desexable é o retorno a eses bens perdidos, a procura dun futuro para o pasado. E para isto hai que se esforzar por resucitar a tradición en todas as súas dimensións.

Na do pensamento e o sentimento, mediante unha guerra de reconquista cristiá das vontades que faga retroceder as malas ideas en todo o corpo social e moi especialmente naqueles grupos sociais (sobre todo obreiros e artesáns urbanos, mais tamén xornaleiros rurais e partes das clases medias) que, sendo os máis numerosos e produtivos, máis se afastaron ou se poden afastar da Igrexa pola

influencia de doutrinas disolventes. E o rexionalismo tradicionalista, igual que os sectores máis espertos do catolicismo europeo, comprende que para esa guerra xa non abonda coas vellas armas dos anatemas antiliberais e antisocialistas guindados dende o púlpito ou dende a “boa prensa”, pois agora non chegaban coa debida eficacia aos seus destinatarios. Por iso enrólanse na teoría e na práctica do socialcatolicismo, sobre todo dende que teñen a venia papal coa encíclica *Rerum Novarum* promulgada en 1891 por León XIII. De aquí a proliferación de Círculos Católicos de Obreiros, de sindicatos agrícolas católicos e de asociacións de propagandistas e de organizacións xuvenís para o deporte, o excursionismo ou outras formas de lecer, iniciativas todas impensables en cregos e frades unhas décadas antes e das que, por certo, participou o noso franciscano.

Na dimensión política, a solución está no regreso ás “liberdades e franquicias” preliberais. É aquí onde adquire pleno sentido o rexionalismo para algúns tradicionalistas, que o conciben como ariete para a demolición do Estado liberal centralista. Sobre as súas ruínas ergueríase un edificio político que intentaría recuperar iso que chamaban “constitución histórica da monarquía española” (histórica dos Austrias, non dos Borbóns, digo eu). Tal constitución era unha estrutura descentralizada e corporativa, depurada de cousas como a sociedade estamental xa impresentables mesmo para un tradicionalista, na liña da “monarquía federativa” de Juan Vázquez de Mella e que Alfredo Brañas desenvolve polo miúdo na súa obra maior, *El Regionalismo* (1889). E para xustificar esa recuperación nada mellor que afirmar as identidades culturais e históricas dos vellos reinos (hoxe rexións) e a conseguinte lexitimidade das súas arelas de descentralización, descentralización, iso si, que nunca debería poñer en cuestión a soberanía única da nación española. Para todo iso, nada mellor que o rexionalismo “sano y bien entendido”.

E isto lévanos a ver que conceptos de nación e rexión manexaban, algo imprescindible para entendermos as súas actitudes respecto da identidade galega. Por fortuna, Alfredo Brañas, se cadra pola súa formación xurídica, procuraba sempre precisar os contidos conceptuais dos termos que empregaba, o que facilita o noso labor. Para empezar, establecía a coñecida diferenza entre Estado e Nación (1889: 30):

La idea de Estado no debe confundirse con la de Nación: aquella indica una relación de derecho, un vínculo puramente legal que enlaza a los ciudadanos entre sí, y a todos ellos con el poder público, y esta expresa una idea más amplia, comprendiendo a las familias que viven en determinados territorios, reconociendo un origen común, a través de accidentales transformaciones, y tienen historia, lenguaje, tradiciones y costumbres comunes.

Aparentemente estamos perante a típica disociación organicista entre a estrutura política da comunidade e a súa esencia nacional, esencia que se define exclusivamente pola etnicidade e a historicidade. A mesma impresión dá cando define a rexión como substrato obxectivo do que nace o rexionalismo, definición na que aínda é máis clara a influencia do organicismo murguiano (1889: 57, 59, 115-116):

El regionalismo es una aspiración constante de los pueblos: así lo demuestra la tendencia a la vida en común de los individuos de una misma raza, las dificultades que se ofrecen a los gobiernos de extensos territorios, los hábitos y costumbres de familias que moran encerradas dentro de ciertos límites geográficos y la afinidad ingénita entre los que disfrutan de iguales placeres en el gran banquete de la naturaleza, viven y se desarrollan bajo ciertas influencias climatológicas, hablan el mismo lenguaje y recuerdan instintivamente su antiguo parentesco.

Porén, a lectura atenta destas definicións indica que os elementos definidores referidos ás estruturas políticas ou sociais no son realmente excluídos do concepto de nación, senón que simplemente se consideran insuficientes o que esixe o concurso da obxectividade orgánica e histórica. De aí a mención aos principios eternos e ás familias como unidades primarias do corpo nacional. O sentido desa presenza revélase noutras pasaxes, como cando di expresamente (1891c: 2):

Los regionalistas no admitimos ningún factor común á que tiendan, jerárquicamente dispuestos, los elementos constitutivos de la nación, tales como las fronteras naturales, la raza, la lengua, las costumbres, y la religión ó las creencias. Para nosotros la nacionalidad resulta de la combinación misteriosa é incomprendible de todos esos factores, **enlazados por el derecho, la historia y la conciencia íntima de una personalidad característica**, propia e individual y distinta, por lo tanto, de otras entidades análogas. El gallego no se dice y se cree hijo de Galicia, porque haya estudiado y comprenda cuál es su procedencia etnográfica, ni porque hable un lenguaje que no se parezca á los demás, ni porque sepa que salvando las fronteras se encuentra con otros individuos desemejantes, sino que se siente gallego porque tiene conciencia de su personalidad típica, intereses creados y derechos adquiridos á la sombra protectora de seculares **instituciones** y porque aprecia y conoce la diferencia específica que de los demás le separa. Y esta conciencia que los pueblos tienen de su **libertad natural**, este sentimiento de identificación con unos y de desemejanza con otros, **es lo que constituye y forma el concepto de nacionalidad**. [As letras grosas son miñas].

Aquí aparecen nidas as diferenzas entre o concepto de nación de Brañas e o de Murguía. O que neste era predominio e autosuficiencia da etnicidade e xerarquización raza-territorio-lingua-*Volkgeist*-conciencia nacional, en Brañas é enumeración dos mesmos elementos con outros engadidos, pero estruturados doutra maneira. Os elementos étnico-obxectivos seguen a ser necesarios, pero xa non son suficientes, pois ademais da súa presenza é preciso que sobre eles –sorte de materia prima da nacionalidade– incidan outros. Este segundo, e superior, grupo de factores está formado por: a) o Dereito, ou ordenación xurídica da sociedade no civil e no político; b) a historia, que na visión tradicionalista é algo máis que o marco espazo-temporal no que se xesta a etnicidade, pois é tamén e sobre todo a legataria das institucións verdadeiramente lexítimas; e c) a conciencia colectiva da propia personalidade nacional, conciencia que neste caso non pode confundirse nin dar lugar á vontade política soberana do pobo, malia o que ascende á posición dominante pois é concibida nada menos que como elemento “que constituye y forma el concepto de nacionalidad”. E isto obríganos a indagar que contidos ten esa conciencia e que papel se lle atribúe.

No parágrafo seguinte ao citado, Brañas engade que, se ben “el orden religioso es superior e independiente del orden social y político” polo que la “religión no puede jamás constituir ni servir de base á las nacionalidades” (no sentido dunha identificación relixión=nación que fose excluín-te en calquera das dúas direccións), non por iso deixa de ser a relixión “uno de tantos elementos integrales, quizás el de mayor importancia, que componen la entidad nacional” e “factor esencial” e “fortísimo lazo de unión nacional” na “constitución y desenvolvemento de las nacionalidades”. Se a isto sumamos que Brañas concibe a relixión como forma total de civilización e lembramos as súas indicacións de que a conciencia nacional nace e medra ao abeiro das vellas institucións, non parece aventurado deducir que, para el, esa conciencia equivale en boa medida a asunción colectiva da tradición (institucións, relixión e etnicidade incluídas).

Agora ben, como conciliar a asunción da nación española, que nos tradicionalistas non ten fendas, e a defensa da súa constitución histórica e da súa organicidade cunha idea de Galicia cortada polo mesmo padrón? Máxime cando o propio Brañas (1889: 56) reconece que usa conceptos idénticos para nación e rexión: “La idea de regionalismo o regionalidad es de la misma categoría, y aun diremos mejor, de la misma naturaleza que la de nacionalidad”. Para solucionar este problema Brañas, que non é un protonacionalista galego á maneira de Murguía senón un españolista rexionalista, establece unha xerarquización moi clara entre nación e rexión, entre a nacionalidade plena das nacións-Estado ou “patrias grandes” e a nacionalidade incompleta, subordinada ou incipiente das



rexións ou “pequenas patrias”,<sup>1</sup> distinción que se remonta nada menos que ao Pai Feijóo.<sup>2</sup> Nisto é coherente cos estritos límites que impón ás reivindicacións rexionalistas. Pero esa coherencia entre proxecto político e xustificación teórica tórnase incoherencia entre o status nacional que adxudica ás rexións e o feito de que as defina igual que ás nacións, porque o certo é que, cando descende do plano teórico-abstracto ao histórico-concreto, acaba prevalecendo sempre, sobre calquera outra consideración, o seu desexo de respectar o *statu quo* dos Estados existentes. En xeral, só concede categoría de nación ao conxunto dos cidadáns dun Estado, aínda que entre eles haxa diferenzas étnicas moi acusadas. E así (1889: 35-36):

en algunos Estados como España, Austria e Italia ha sucedido que, acumulándose las familias dentro de los mismos límites definitivos de aquellas nacionalidades y sin perder nada de sus cualidades comunes, han llegado a formar regiones que se diferencian entre sí por ciertos rasgos característicos, que las individualizan dentro del mismo régimen unitario del Estado [...] la agrupación regional forma por tradición y por necesidad histórica y política un solo todo con el Estado, pero vive dentro de él con vida independiente y exclusiva, sin confundir su esfera de acción con la de los intereses nacionales.

E na mesma liña cualifica a Irlanda de rexión e, se ben considera a posibilidade de que a opresión que sofre por parte do Estado británico leve á “constitución de una nueva nacionalidad”, expresa a súa esperanza de que isto non aconteza porque “el regionalismo salvará a Irlanda” (Brañas 1889: 123).

En suma, un concepto específico de nación –diferente do murguiano malia certos elementos comúns– e a súa modulación en dous graos xerarquizados de plenitude nacional –nación e rexión– permiten a esta tendencia do rexionalismo galego contar co apoio teórico máis útil para elaborar o seu proxecto de reconversión tradicionalista da sociedade galega en conexión coa contrarreforma do

- 
- 1 *Vid.*, por exemplo, o seu discurso nos Xogos Frorais de Tui (1891b: 7-8), onde, logo de dar unha definición de patria moi semellante ás de nación e rexión xa recollidas aquí, engade: “pero no siempre la pátria se corresponde exactamente con la nación y el estado: la nacionalidad eslava podemos decir que es el nervio del oriente de Europa, y vemos que se halla repartida en varios estados [...] pero ni esa gran nacionalidad puede llegar a constituir un gran Estado, como quisieran los paneslavistas, ni tampoco una sola pátria [...] Y sin embargo, forma una sola nacionalidad, pero muchas pequeñas pátrias, y por desgracia ningún Estado independiente”.
  - 2 *Vid.* Feijóo (1726-1739), en particular os discursos “Paralelo de las lenguas castellana y francesa” (1726), “Antipatía de franceses y españoles” (1728), “Mapa intelectual y cotejo de las naciones” (1728) e “Amor de la patria y pasión nacional” (1729). *Vid.* tamén Beramendi (2011).

Estado liberal, e todo isto sen poñer en cuestión, nin sequera conceptualmente, a integridade nacionalmente española do Estado.

Vexamos agora como se aplica todo isto a Galicia. Apoiándose en Murguía fundamentan o seu rexionalismo no pasado (Brañas 1889: 145-146):

El regionalismo español es muy antiguo. Las razas primitivas que poblaron nuestro suelo, divididas y separadas por ciertos límites naturales, se constituyeron en agrupaciones familiares primero, y en tribus confederales después, hasta que llegaron con gradual lentitud á formar amplias regiones con vida y carácter propios [...] Nueve regiones formaron primitivamente el territorio ibérico, y conservaron su fisonomía particular durante la dominación romana, en el período visigótico, á través de los siglos de la reconquista y después de consagrada en el siglo XV la unidad nacional. Dichas regiones por el orden en que hemos de estudiarlas son: la Basco-nabarra, la Aragonesa, la Asturiana, la Catalana, la Valenciana, la Mallorquina, la Castellano-Leonesa, la Bético-extremeña y la Gallega.

As mencións á raza e á influencia xeográfica na xénese deses entes pode facer pensar que estamos perante unha pura repetición do enfoque murguiano. Pero non é así. A xerarquización conceptual nación-rexión aplícase, como é lóxico, ao par Galicia-España. En particular, agroman con forza dúas diferenzas substanciais co achegamento protonacionalista galego de Murguía. En primeiro lugar, o pasado español non se reconstrúe en forma de desenvolvemento paralelo e conflictivo de etnias-rexións nacionalmente distintas entre si que só se unen politicamente a finais do século XV, senón que se concibe como o proceso, esencialmente harmónico dende o principio, de conformación progresiva dun único organismo nacional do que a verdadeira constitución intrínseca consiste na integración gradual, e moi temperá, desas rexións nunha síntese nacional superior, que é España. Unha España que, para Brañas como para todos os tradicionalistas finiseculares, non é un mero Estado, senón unha nación complexa na que a presenza de sub-organismos diferenciados –as rexións– non mingua un chisco a identidade nacional do conxunto. Por iso fala de “regionalismo español” antes e despois de “consagrada” –que non iniciada ou formada– a unidade nacional española, e non de rexionalismos en España. É a mesma idea que o neocarlista Juan Vázquez de Mella (1916: 243-247) expresará anos despois mediante a metáfora do río e os seus afluentes: a nación española era o río e as rexións os seus afluentes. As identidades das segundas nin impiden nin negan á da primeira e todas viven indisolublemente unidas.

En segundo lugar, e en parte como consecuencia do anterior, Brañas mestura o criterio organicista etnolingüístico co criterio histórico-político na identificación

dos entes rexionais, cun claro predominio deste último, pois as “regiones” que enumera coinciden máis cos antigos reinos e principados da vella monarquía española que con nacionalidades nun sentido moderno.

E isto lévanos a un dos caracteres centrais do pensamento rexional-tradiciona- lista: a omnipresente saudade da sociedade medieval, compendio de virtudes de todo tipo e berce da constitución política “natural” de España, caracterizada pola harmónica xerarquización de “libertades” corporativas, estamentais e rexionais que despois se foron perdendo, primeiro a causa do absolutismo, logo por culpa do “despotismo liberal” contemporáneo. Liberdades e constitución que é preciso recu- perar para devolver a España a tamén perdida grandeza (Brañas 1889: 195-196).

O único que nega o rexionalismo tradicionalista, e con toda enerxía, é a España liberal, pero non en canto España, senón en canto liberal. Polo tanto, o seu verdadeiro referente de negación non é un ente nacional alleo, senón un sistema sociopolítico que se quere erradicar da nación propia (España). Por iso o antiseparatismo de Brañas non nace de consideracións de conveniencia políti- co-económica, como en Murguía ou no nacionalismo galego posterior, senón dun auténtico españolismo en modulación rexionalista, ancorado no convencemento de que o mellor para España –e non só para Galicia– é o retorno á descentra- lización dos antigos reinos. De aquí a súa insistencia en que as rexións deben “conservar y defender la nacionalidad española sin perjuicio de su propia inde- pendencia” (1889: 28), fórmula formalmente similar á do republicanismo federal, malia o abismo que separa en todo o demais estas dúas ideoloxías.

Mercé a estas piruetas teóricas Galicia “puede y debe vivir como un organismo perfecto dentro de la unidad de la patria española” ou, noutras palabras, “Galicia libre dentro de la España libre” (1891b: 10). En conclusión, Brañas, e con el todo o rexionalismo tradicionalista, concibe Galicia como unha rexión española en sentido estrito.

Vexamos agora brevemente como perciben a situación de Galicia. Igual que as outras tendencias do rexionalismo, parten da constatación tanto da postergación da lingua e da cultura propias como da índole basicamente rural, agraria e prein- dustrial do país. Respecto das primeiras propoñen, como todos os rexionalistas, diversas medidas para a súa defensa e normalización, entre as que salienta a coo- ficialización do idioma. E así, Brañas, na Base 24 das súas inéditas *Bases Generales del Regionalismo y su aplicación a Galicia*, recuperadas por B. Cores (1973) di:

El Regionalismo, que profesa el dogma de las dos patrias, es decir, de la patria común española y de la regional admite como necesarios, armónicos y mutua- mente complementarios dos lenguajes, el común y el regional.

El lenguaje interregional o común será el castellano por ser entendido y hablado generalmente en todas las regiones.

El lenguaje regional gallego será de uso potestativo entre los naturales de nuestra región, tanto en la esfera oficial y pública como en la privada, y obligatorio en las Escuelas primarias en concurrencia con el castellano.

No económico, proponen unha Facenda rexional con grande autonomía fiscal e políticas de protección da propiedade da terra e de fomento dunha agricultura con predominio das propiedades medias, vinculadas, indivisibles, non hipotecables nin enaxenables, modelo que nos recorda moito a utopía do Pai Sarmiento (Beramendi 1997). A produción organizaríase á maneira das “compañías gallegas” baseadas no parentesco. Na mesma liña, a protección da industria “ha de estar regulada sobre la institución de los *gremios* ó *corporaciones* obreras, la enseñanza de la *tecnología* y la *reglamentación* industrial”. O Estado non debía montar industrias nin permitir o sindicalismo pois xa sabemos que a parálise industrial de Galicia se debía, xunto á tendencia ao illamento e a falta de espírito de empresa, aos antagonismos entre patróns e obreiros, dado que “el abuso de la libertad económica, como el de todas las libertades populares, conduce a las naciones a su desolación”. O comercio organizaríase tamén en gremios e mesmo esixiríase o correspondente título oficial para poder ser comerciante. No arancelario, asumiríase unha postura equidistante entre o proteccionismo total e o librecambismo radical (Brañas 1889: 101-110).

No político, é moi clara a vontade de restaurar o corporativismo, se ben modernizado para adaptalo aos novos tempos, como alternativa ao individualismo político propio dos sistemas liberais. E así, prescínlese do individuo como suxeito de dereitos políticos, polo menos a efectos de sufraxio, substituíndoo polos suxeitos colectivos e a elección indirecta: “Los ciudadanos de la región tendrían que constituirse en gremios o corporaciones de clases, que procederían por el método indirecto de designación de compromiso” (Brañas 1889: 87). Isto traduciríase en que os gremios de cada un dos distritos en que se dividiría Galicia elixirían compromisarios; e a reunión dos compromisarios do ámbito correspondente sería quen elixiría os concelleiros e o alcalde do respectivo Concello, o subgobernador e o consello de circunscrición, o gobernador e os deputados provinciais, os representantes nas Cortes de Madrid, e os membros da Dieta rexional. Brañas resucita tamén o vello mandato imperativo –negación da representación política moderna– para os representantes das rexións nas Cortes. En cambio, non explícita a extensión social nin a modalidade do sufraxio pero si que os membros da Dieta saírían de entre as “personas de alta categoría social”. Este criterio elitista vaise repetindo nos chanzos inferiores (provincia, circunscrición e municipio).

A nova estrutura do Estado español apunta a un retorno, dentro do posible, a unha monarquía tradicional descentralizada, A “doctrina intermedia entre el federalismo orgánico y la descentralización político-administrativa” (Brañas 1889: 92) concibe un só Estado cunha única constitución e unha soa cámara central e non, como o federalismo republicano, a federación de varios Estados dotados de constitución propia e representados como tales nunha segunda cámara federal. Por outra parte, o xefe do Estado acumularía un gran poder, especialmente no que atinxe ao autogoberno das rexións. E o legislativo central consistiría nunha cámara formada por representantes das Rexións, ligados ao mandato imperativo, que non poderían esixir responsabilidades ao goberno, pois os ministros (significativamente chamados “secretarios” como no Antigo Réxime) só responderían da súa xestión perante o Tribunal Supremo, e non perante as Cortes.

Moito máis “moderno” é o modelo de descentralización sobre todo na segunda versión do proxecto de Brañas. Se ben en *El Regionalismo* (1889) hai descentralización administrativa pero apenas política (as Dietas rexionais carecen de capacidade legislativa), nas *Bases Generales...* (1892) propón unha distribución de competencias entre o Poder Central e os Rexionais que nada ten que envexar á do republicano Francesc Pi i Margall. En efecto, as *Bases...* de Brañas só reservan expresamente ao Poder Central –amén das cuestións propiamente constitucionais e a normativa básica directamente derivada– as relacións internacionais, as forzas armadas, as obras de interese xeral, algúns aspectos da economía e a resolución dos conflitos interrexionais. O poder xudicial tamén ficaría radicalmente descentralizado, pois os cometidos do Tribunal Supremo Central reduciríanse á responsabilidade ministerial e á resolución dos conflitos entre o poder central e os rexionais, de modo que os tribunais supremos das rexións serían as últimas instancias xudiciais nos seus respectivos ámbitos xurisdiccionais.

O Poder Rexional galego radicaría nunhas Cortes Rexionais, elixidas corporativamente e con capacidade de legislar, nun Goberno de índole similar ao executivo central e nun Tribunal Supremo. Habería, xa que logo, verdadeira autonomía política. E tamén unha clara galeguización institucional pois o funcionariado estaría reservado aos galegos ou persoas moi arraigadas na rexión, as administracións rexionais substituirían a gobernos civís e deputacións provinciais, que serían suprimidas, e mesmo se abría a posibilidade de que Galicia tivese forzas armadas propias.

Este é o marco ideolóxico no que cabe encadrar a Samuel Eiján, aínda que non compartise todos e cada un dos elementos que acabamos de enumerar, pero si os principais: a cosmovisión católica (algo inevitable nun franciscano da época), o tradicionalismo basal, certas prácticas de apostolado socialcatólico, a oposición

aos movementos políticos especificamente contemporáneos e ese “dobre patriotismo”, que estudara Josep María Fradera (1992) para a Cataluña de mediados do século XIX, no que cohabitaban o amor e a vindicación de Galicia no plano lingüístico, étnico e histórico coa lealdade á nación española no plano político. Nisto último Samuel Eiján salienta dentro do rexionalismo tradicionalista polo peso que ten o cultivo literario da lingua galega no conxunto da súa obra, unha proba por certo de que os esforzos do rexurdimento decimonónico daba froitos mesmo en eidos en principio pouco propicios como eran os da Igrexa galega.

Por outra parte, Eiján asistiu a esa auténtica revolución do galeguismo que foi o nacemento do nacionalismo galego en 1916-1918 a partir do rexionalismo previo. Durante os dous anos e medio que van do 18 de maio de 1916, fundación da primeira Irmandade da Fala na Coruña, á I Asemblea Nacionalista (Lugo, 17-18 de novembro) o galeguismo político débátese entre ficar no rexionalismo anterior ou avanzar cara a unha definición nacionalista. Como ben sabemos prevaleceu finalmente a segunda opción. Dende esa asemblea para os irmandiños, que en poucos anos serán o groso dos galeguistas, Galicia deixa de ser unha rexión da nación española para converterse en nación de seu. E España deixa de ser unha nación, para converterse nun Estado composto por varias nacións (Castela, Cataluña, Euskadi, Galicia) e ningunha destas é España.

Por suposto non todos os galeguistas se adentran nese camiño. Continúan existindo rexionalistas, aínda que desorganizados, que se manteñen fieis á súa dobre lealdade de sempre. Entre eles, Samuel Eiján. Rexionalistas e nacionalistas non volverán compartir organizacións políticas, pero os espazos de convivencia non desaparecen totalmente no ámbito cívico-cultural. Os principais son dous: a Real Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos. Nos dous estará Samuel Eiján compartindo cos nacionalistas o que uns e outros seguían tendo en común.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1977): *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Beramendi, Justo (1997): “Sociedade, nación e política en Sarmiento e nos ilustrados galegos”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega / Universidade, T. 1, 265-282.
- (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2011): “Patria e nación en Fray Benito Jerónimo Feijóo”, *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego* 6, 9-21.
- Brañas Menéndez, Alfredo (1887a): *El principio fundamental del Derecho. Lecciones elementales de historia de la filosofía del Derecho*. Santiago de Compostela: Imp. del Seminario Conciliar Central.
- (1887b): *Fundamentos del derecho de propiedad. Discurso resumen de los debates que se verificaron en las sesiones teóricas celebrados en 21 de noviembre y 12 de diciembre de 1887*. Oviedo: Imp. de Allende.
- (1889): *El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*. Barcelona: Jaime Molins.
- (1891a): “Discurso de gracias que foy dito n’os Xogos Froraes de 1891 por D. Alfredo Brañas, un d’os manteñedores d’o Consistorio”, *La Patria Gallega* 7-8, 7-9.
- (1891b): “Discurso en el banquete regionalista de Tuy”, *La Patria Gallega* 9, 6-10.
- (1891c): “El regionalismo gallego”, *La Patria Gallega* 1, 1-3.
- (1892): *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional. Discurso leído en el solemne acto de la apertura del Curso académico de 1892 a 1893*. Santiago: Imp. de J. M. Paredes.
- (1899a): “Discurso de Alfredo Brañas. Peligros que amenazan a la Sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo”, en *Crónica del Quinto Congreso Católico Español, celebrado en Burgos el año 1899*. Burgos: Imprenta y estereotipia de Polo, 145-161.
- (1899b): *La cuestión social. Discurso en el Círculo Católico de Obreros de Ferrol*. Santiago de Compostela: Gaceta de Galicia.
- Cerviño, Antonio (1891): “Sermón de San Pedro González Telmo, predicado por el Ilre Sr. Magistral de la S.I.C. de Tuy, D.....”, *La Patria Gallega* 7-8, 16.

- Cores Trasmonte, Baldomero (1973): “*Bases Generales del Regionalismo y su aplicación a Galicia*, de Alfredo Brañas”, *Compostellanum* XVIII, 1-4, 159-204.
- Feijóo y Montenegro, Fray Benito Jerónimo (1726-1739): *Theatro Crítico Universal*. 4 vol. Madrid: Impr. de L.F. Mojados.
- Fernández Herba, Manuel (1891): “Discurso en el banquete regionalista de Tuy”, *La Patria Gallega* 9, 3-6.
- Fradera, Josep M<sup>a</sup> (1992): *Cultura nacional en una societat dividida. Patriotisme i cultura a Catalunya (1838-1868)*. Barcelona: Curial.
- Máiz, Ramón (1983): *Alfredo Brañas*. Vigo: Galaxia.
- (1984): *O Rexionalismo galego. Organización e ideoloxía. 1886-1907*. Sada: Edicións do Castro.
- Vázquez de Mella y Fanjul, Juan (1916): “Nación, democracia y regionalismo”, en *Obras completas*. Barcelona: Casa Subirana, vol. 26, 243-247.